



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@gmail.com
www.palasdereis.com

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CELEBRADA EN DATA DO TRINTA DE SETEMBRO DE 2015.

LUGAR: dependencias da alcaldía da Casa do Concello de Palas de Rei

DATA: 30 de setembro de 2015

HORA DE COMEZO: 13.00 h

HORA DE REMATE: 13.15 h

ASISTENTES

Don Pablo José Taboada Camoira (alcalde), presidente
Don Fernando Alfredo Pensado Barbeira (concelleiro), vogal
Dona María Aurora Vila Agra (concelleira), vogal
Don José Ramón García Vázquez (concelleiro), vogal
Don Iván Ponte Mahía (secretario-interventor), secretario

Sendo as trece horas do día sinalado, reúnense nas dependencias da Alcaldía da Casa do Concello, baixo a presidencia do alcalde-presidente a Xunta de Goberno Local, integrada polos membros anteditos asistidos polo Sr. Secretario-interventor don Iván Ponte Mahía, que da fe do acto.

Constituída validamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Sr. Alcalde-presidente abre a sesión co seguinte:

ORDE DO DÍA:

- 1 Aprobación, se procede, da modificación do proxecto básico e de execución da obra centro de día residencial no Concello de Palas de Rei.**



- 1.- Aprobación, se procede, da modificación do proxecto básico e de execución da obra centro de día residencial no Concello de Palas de Rei.**

(Hai que poñer os antecedentes da aprobación do proxecto orixinal por parte da Xunta de Goberno Local).



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@gmail.com
www.palasdereis.com

Visto o informe favorable condicionado do técnico municipal de data 29 de setembro de 2015;

Visto que as modificacións introducidas no proxecto básico e de execución son de natureza puramente técnica e cumpre coa normativa urbanística que lle é de aplicación, previo cumprimento das condicións e prescricións establecidos no mencionado informe técnico;

Considerando o relacionado nos parágrafos anteriores, en uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, de 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do proxecto básico e de execución da obra centro de día residencial no Concello de Palas de Rei.

SEGUNDO.- Notificar á empresa adxudicataria da obra e os demais interesados a presente resolución ós efectos oportunos.


Do que se lle da traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra a resolución que antecede, que é definitiva en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante o Sr. Alcalde, dentro do prazo de un mes contado desde o día seguinte ó de notificación da presente Resolución.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso -administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, en relación có artigo 116.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro).

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalasrei@gmail.com
www.palasdereis.com

de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e quince minutos, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.



Visto e praxe
O presidente,